



PROXECTO DE DECRETO polo que se establecen os procedementos para as intervencións nos bens integrantes do Patrimonio Cultural de Galicia.

O artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade autónoma a competencia exclusiva sobre patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia, e o artigo 32 sobre a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva na defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a expoliación, e o 149.2 que dispón que o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial.

O Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo, estipula no artigo 1 que esta consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden os aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia; e o artigo 7.1 atribúe á Dirección Xeral de Políticas Culturais as funcións de dirección e coordinación das actuacións da Consellería en materia de patrimonio cultural.

A Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia contempla no apartado 2 do seu artigo 7, entre os órganos asesores en materia de patrimonio cultural, á Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica, os Consellos Territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia e o Comité Asesor dos Camiños de Santiago, e dispón que regulamentariamente establecerase a composición e funcionamento dos ditos órganos asesores.

Ao abeiro da devandita disposición legal, aprobáronse os correspondentes decretos reguladores da composición e funcionamento destes órganos asesores, a saber, o decreto 84/2017, do 3 de agosto, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica e o decreto 93/2017 do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos Consellos Territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.

Con respecto á Comisión Mixta Xunta-Igrexa, debe salientarse que o decreto 84/2017 faculta no seu artigo 3, ao Pleno da mesma, para delegar na Subcomisión de Conservación do Patrimonio Cultural da Igrexa Católica en Galicia, o exercicio da función, entre outras, de informar previamente á resolución do director xeral de Patrimonio Cultural en relación cos proxectos de obras e intervencións que afecten os bens integrantes do patrimonio cultural da Igrexa Católica en Galicia, incluídos os situados no ámbito territorial do Camiño de Santiago.

O artigo 39 da lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia establece que as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona



de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural.

Así, en desenvolvemento das facultades previstas nos citados preceptos normativos,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Este decreto ten por obxecto a ordenación dos procedementos de autorizacións pola consellería con competencias en materia de patrimonio cultural de intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, na Comunidade Autónoma de Galicia co fin de garantir que sexan compatibles cos valores culturais que aconsellan a súa protección, sen prexuízo das autorizacións que poidan derivarse da actividade arqueolóxica segundo a súa normativa específica.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na súa instrución de 8 de novembro de 2017 (DOG 5.12.17) clarifica o alcance do réxime de autorizacións para actuacións que, pola súa escasa complexidade técnica ou pouco alcance, poden non ter a consideración de intervencións segundo os modelos legais, así como doutras actuacións que, producíndose no contorno de protección ou nas zonas de amortecemento, non teñen incidencia sobre os bens protexidos.

Artigo 2. Normativa aplicable

As intervencións sobre bens culturais someteranse ás prescricións da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, ao establecido neste decreto sen prexuízo da normativa sectorial que sexa de aplicación en cada caso polo órgano competente.

Artigo 3. Concepto e clasificacións das intervencións

Para os efectos deste decreto, e segundo o establecido no artigo 40 da LPCG, as intervencións nos bens materiais protexidos polo seu valor cultural ou, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento poden clasificarse nalgúns dos seguintes tipos:



a) Investigación: accións que teñan como obxectivo ampliar o coñecemento sobre o ben ou o seu estado de conservación e que afecten directamente o seu soporte material. Inclúe as accións e procedementos necesarios para elaborar un diagnóstico e caracterizar os materiais e os riscos que afectan o ben.

b) Valorización: medidas e accións sobre os bens culturais ou o seu ámbito próximo que teñan por obxecto permitir a súa apreciación, facilitar a súa interpretación e acrecentar a súa difusión, especialmente no ámbito educativo, e a súa función social.

c) Mantemento: actividades cotiás, continuas ou periódicas de escasa complexidade técnica sobre o soporte material dos bens ou o seu ámbito próximo para que manteñan as súas características, funcionalidade e lonxevidade, sen que se produza ningunha substitución ou introdución de novos elementos. Procedementos e actuacións de monitorización que teñan por obxecto realizar o seguimento e medición das lesións, dos axentes de deterioración ou dos posibles factores de risco, e os dirixidos a implantar e desenvolver accións de conservación preventiva.

d) Conservación: medidas e accións dirixidas a que os bens conserven as súas características e os seus elementos en adecuadas condicións, que non afecten a súa funcionalidade, as súas características formais ou o seu soporte estrutural, polo que non supoñerán a substitución ou a alteración dos seus principais elementos estruturais ou de deseño, pero si actuacións no seu ámbito co obxecto de evitar as causas principais da súa deterioración.

e) Consolidación: accións e medidas dirixidas ao afianzamento, o reforzo ou a substitución de elementos danados ou perdidos para asegurar a estabilidade do ben, preferentemente co uso de materiais e elementos da mesma tipoloxía que os existentes, ou con alteracións menores e parciais dos seus elementos estruturais, respectando as características xerais do ben.

f) Restauración: accións para restituír o ben ou as súas partes ao seu debido estado, sempre que se dispoña da documentación suficiente para coñecelo ou interpretalo, con respecto aos seus valores culturais. A restauración pode implicar a eliminación de elementos estraños ou engadidos sen valor cultural ou a recuperación de elementos característicos do ben, conservando a súa funcionalidade e estética.

g) Rehabilitación: accións e medidas que teñan por obxecto permitir a recuperación dun uso orixinal perdido ou novo compatible cos valores orixinais dun ben ou dunha parte del, que poden supoñer intervencións puntuais sobre os seus elementos característicos e, excepcionalmente e de maneira xustificada, a modificación ou a introdución de novos elementos imprescindibles para garantir unha adecuada adaptación aos requirimentos funcionais para a súa posta en uso. Inclúense as accións destinadas á adaptación dos bens por razón de accesibilidade.

h) Reestruturación: accións de renovación ou transformación en inmobles nos que non se poida garantir o seu mantemento ou o seu uso polas súas malas condicións de conservación ou por deficiencias estruturais e funcionais graves e que poden supoñer



unha modificación da súa configuración espacial e a substitución de elementos da súa estrutura, acabado ou outros determinantes da súa tipoloxía, cun alcance puntual, parcial ou xeral.

i) Ampliación: accións destinadas a complementar en altura ou en planta bens inmobles existentes con criterios de integración compositiva e coherencia formal compatibles e respectuosos cos seus valores culturais preexistentes.

j) Reconstrución: acción destinada a completar un estado previo dos bens arruinados utilizando partes orixinais destes cuxa autenticidade poida acreditarse. Por razóns xustificadas de recomposición, interpretación e correcta lectura do valor cultural ou da imaxe do ben admitiranse reconstrucións parciais de carácter didáctico ou estrutural, que afecten elementos singulares perfectamente documentados.

Así mesmo, en relación co establecido no artigo 7.3.a) do decreto 93/2017 do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos Consellos Territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía, contéplanse os seguintes tipos de intervencións:

- Construción: conxunto de actividades para a realización física dunha obra nova ou aquelas que, cando menos, supoñan unha variación esencial da composición xeral exterior ou da volumetría
- Instalación: elemento físico inerte que se coloca nun territorio de maneira axeitada para levar a cabo unha función e cuxa percepción visual sexa notable con carácter permanente ou prolongado no tempo. Inclúense instalacións de xestión e tratamento de residuos non prohibidas pola Lei
- Infraestrutura: toda estruturación en superficie ou que sexa o sustento físico de actividades en relación a proxectos que pola súa incidencia territorial poidan supoñer unha afección significativa nos valores culturais protexidos: pistas agrícolas e forestais, estradas, vía férreas, heliportos, aeroportos, aparcadoiros, centros lóxicos e conducións destinadas a comunicación, transporte, telecomunicacións, abastecemento, saneamento e distribución enerxética, centros de produción e transformación enerxética, explotacións mineiras e canteiras, incluídas extracción de grava e area, explotacións forestais, concentracións parcelarias.

Artigo 4. Prevalencia nos procedementos

No caso de que a intervención poida afectar aos tres procedementos a regular no presente decreto a orden de prevalencia será a seguinte:

- Bens integrantes do Patrimonio Cultural da Igrexa Católica.
- Camiños de Santiago.



- Outros bens de interese cultural ou catalogados.

CAPÍTULO II

Sección 1ª: Intervencións en bens integrantes do Patrimonio Cultural da Igrexa Católica en Galicia

Artigo 5. Presentación de solicitudes

1. Todos os proxectos de obras e intervencións nos bens integrantes do Patrimonio Cultural da Igrexa Católica en Galicia serán instados polos bispos respectivos e, para o caso de institutos de vida relixiosa, polo máximo representante da abadía, orde ou instituto.

Nos supostos de intervencións instadas polos titulares das distintas parroquias deberán contar co visto e praxe da diocese para a súa tramitación pola consellería con competencias en materia de patrimonio cultural, logo do informe da Subcomisión de Conservación do Patrimonio Cultural da Igrexa Católica en Galicia.

2. As solicitudes (modelo Anexo I) que inicien procedementos para intervencións que se pretendan realizar en bens integrantes do Patrimonio Cultural da Igrexa Católica en Galicia, deberán presentarse, preferiblemente, a través de medios electrónicos, ante a xefatura territorial correspondente, acompañados da seguinte documentación:

a) Un documento técnico en que se recollan con detalle suficiente as actuacións que se promoven, segundo as determinacións legais vixentes.

b) A xustificación dos criterios da intervención e a súa compatibilidade cos valores culturais dos bens, así como o resultado dos estudos previos e documentación necesarias para a súa valoración.

c) Relación de anteriores intervencións no ben.

d) A súa documentación histórico-artística, a análise previa física, química ou biolóxica, segundo o caso, fichas de diagnose do seu estado de conservación, a proposta e metodoloxía de actuación e as técnicas, produtos e materiais que se van empregar en canto se precisen en función da natureza do ben e o alcance da intervención.

Artigo 6. Emenda de solicitudes

Se a solicitude ou calquera outro trámite do procedemento non reúne os requisitos ou non se acompaña da documentación exixida no artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia ou na lexislación vixente, os servizos correspondente que dependen funcionalmente da dirección xeral competente requirirán o solicitante





para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, poderase ter por desistido da súa petición ou decaído no seu dereito ao trámite correspondente, se for o caso, previa a correspondente resolución.

Artigo 7. Informe técnico

Admitida a trámite a solicitude, os servizos técnicos da xefatura territorial competente en materia de patrimonio cultural emitirán un informe técnico do proxecto obxecto da solicitude.

Artigo 8. Resolución

En cada intervención que se someta á valoración da Subcomisión de Conservación do Patrimonio Cultural da Igrexa Católica en Galicia presentará, un ou varios dos vogais representantes da Xunta de Galicia e outro dos representantes da Igrexa Católica, para a súa ulterior votación e, de ser o caso, aprobación da Subcomisión, un informe técnico en que se avalíen en especial os seus efectos sobre os valores culturais dos bens e o alcance concreto das propostas, e que servirá de base para o estudo que realice a Subcomisión sobre a intervención.

A Comisión Mixta, ou a correspondente subcomisión, se é o caso, deberá remitir o seu informe non vinculante á dirección xeral con competencias en patrimonio cultural, que se incorporará ao expediente, para a autorización, se procede, das intervencións.

Se é a propia comisión, ou a correspondente subcomisión, a que entende que para un ditame definitivo é precisa completar a documentación presentada ou subsanar as deficiencias da solicitude, poderá realizar o correspondente requirimento o/a secretario/a do devandito órgano colexiado.

Artigo 9. Obras ou intervencións de pequena entidade

1. Quedan exceptuadas da necesidade de valoración previa da Subcomisión as obras ou intervencións de pequena entidade sempre que non afecten bens declarados de interese cultural.
2. Periodicamente informarase a Comisión Mixta da relación de solicitudes de intervención en bens de titularidade da Igrexa Católica tramitadas como intervencións de pequena entidade, así como da autorización ou denegación das resolucións.
3. Teñen a consideración de obras ou intervencións de pequena entidade aquelas obras ou instalacións de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica, que non requiran o proxecto específico dun técnico superior ao non afectaren elementos estruturais, que non supoñan alteración do volume nin afecten o deseño



exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións. Non poderá ter esta consideración calquera actuación que afecte directa ou indirectamente materiais, elementos ou sistemas que testemuñen o valor cultural do ben ou poida poñer en risco a permanencia, a caracterización ou a correcta e completa lectura e apreciación do devandito valor cultural.

Corresponderá aos servizos técnicos da xefatura territorial competente en patrimonio cultural, a valoración de se unha intervención é unha obra de pequena entidade ou se non ten a dita consideración.

Sección 2ª: Intervencións no Camiño de Santiago

Artigo 10. Presentación de solicitudes

As solicitudes que inicien procedementos para obras e actividades no ámbito delimitado dos Camiños de Santiago deberán presentarse preferiblemente, a través de medios electrónicos, acompañadas da documentación a que se refire o artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, adaptadas ao seu contido, análise do valor cultural e avaliación do alcance de forma racional e proporcionada á intervención:

As actuacións que excedan as de mantemento sobre os bens declarados ou catalogados esixirán a elaboración do correspondente proxecto de intervención, que será coherente cos datos de identificación e estudo que determinaron a delimitación do territorio histórico protexido, a análise crítica do valor cultural e da avaliación da proposta, a documentación gráfica da actuación e o programa de mantemento e conservación preventiva.

No caso de afectar a intervención a bens concretos declarados bens de interese cultural ou catalogados integrados no territorio histórico acompañará ao proxecto ademais a súa documentación histórico-artística, a análise previa física, química ou biolóxica, segundo o caso, fichas de diagnose do seu estado de conservación, a proposta e metodoloxía de actuación e as técnicas, produtos e materiais que se van empregar en canto se precisen en función da natureza do ben e o alcance da intervención.

A documentación esixida deberá motivar a súa necesidade para a protección do interese público así como xustificar a súa adecuación para acadar os fins que se perseguen, sen que en ningún caso se produzan diferencias de trato discriminatorias.

a) Documentación xeral

1. Solicitude do interesado (modelo Anexo II), onde se identificará o elemento protexido e a localización da intervención interesada respecto do mesmo indicando a



distancia entre eles. Incluirá a referencia catastral da parcela na que se desenvolve a actuación.

2. Localización da actuación

Plano de situación a escalas 1:25.000 e 1:5.000.

Plano de situación sobre plano de clasificación do solo a escala 1:2.000, 1:1.000 ou 1:500, segundo a clase de solo, que permita identificar a parcela sobre a que se vai actuar, vías públicas de acceso, edificacións e características morfolóxicas do terreo e do medio circundante nun entorno con fronte mínimo de 50 metros a cada lado da parcela, sobre o que se sinale a distancia entre a parcela da actuación e o ámbito protexido.

3 Memoria descritiva da actuación, estado actual, sistemática do traballo, proposta de estado final previsto, materiais a utilizar e técnicas de execución. Especificación das características estéticas e construtivas das edificacións e construcións existentes no entorno da actuación proxectada, indicando os materiais a empregar, cores, texturas e a xustificación técnica da súa elección.

4. Orzamento detallado por partidas da actuación a executar (cando non se requira como documento do proxecto técnico).

5. Fotografías do elemento protexido, do elemento sobre o que se vai actuar e do contorno conxunto de ambos que deben incluír, como mínimo:

- Fotografías de situación do elemento, nas que se identifique a parcela dende a vía á que da fronte, dende o interior da parcela e dende o elemento protexido.
- Fotografías descritivas da edificación sobre a que se actúa (exteriores e interiores se é o caso) e das edificacións tradicionais existentes na zona.

6. Documentación técnica do anexo IV cando polo tipo de actuación se requira proxecto técnico.

b) As solicitudes dirixíranse á dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural. En todo caso, achegarase unha copia da documentación técnica en soporte electrónico.

Artigo 11. Emenda de solicitudes

Se a solicitude ou calquera outro trámite do procedemento non reúne os requisitos ou non se acompaña da documentación anteriormente sinalada, o servizo correspondente da dirección xeral competente requirirá ao solicitante para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así



non o fixer, se poderá ter por desistido da súa petición ou decaído no seu dereito ao trámite correspondente, se for o caso, previa a correspondente resolución.

Artigo 12. Informe técnico

Admitida a trámite a solicitude, os servizos técnicos da dirección xeral competente emitirán un informe técnico do proxecto obxecto da solicitude que se cinguirá ao estudo, análise e conclusión acerca da compatibilidade do mesmo cos valores protexidos.

Artigo 13. Resolución

Unha vez emitidos os informes técnicos que se precisen, e á vista destes, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural resolverá sobre a compatibilidade da intervención cos valores culturais dos Camiños de Santiago.

Nos supostos incluídos no artigo 7.3 do decreto 93/2017 do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento do Consello Asesor dos Camiños de Santiago, requirirase ditame previo do mesmo, acerca da compatibilidade da intervención cos valores culturais do territorio histórico protexido e os elementos que o integran.

Se é o propio consello, o que entende que para un ditame definitivo é precisa completar a documentación presentada ou subsanar as deficiencias da solicitude, poderá realizar o correspondente requirimento o/a secretario/a do devandito órgano colexiado.

Artigo 14. Prazo para resolver

O prazo máximo para resolver o procedemento e notificar a resolución poderá suspenderse polo tempo que medie entre a petición e a recepción do ditame do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e por un prazo máximo de tres meses, nos termos establecidos no artigo 22.1, letra d), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sección 3ª: Intervencións noutros bens de interese cultural ou catalogados

Artigo 15. Presentación de solicitudes

As solicitudes que inicien procedementos para intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu





contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, que non se sitúen no ámbito delimitado dos Camiños de Santiago, deberán presentarse preferiblemente, a través de medios electrónicos, acompañadas da documentación a que se refire o artigo 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, adaptadas ao seu contido, análise do valor cultural e avaliación do alcance de forma racional e proporcionada á intervención.

As solicitudes dirixiranse á xefatura territorial da consellería competente en materia de patrimonio cultural. En todo caso, achegarase unha copia da documentación técnica en soporte electrónico.

a) Documentación xeral.

1. Solicitude do interesado (modelo Anexo III), onde se identificará o elemento protexido e a localización da intervención interesada respecto do mesmo indicando a distancia entre eles. Incluirá a referencia catastral da parcela na que se desenvolve a actuación.

2. Localización da actuación

Plano de situación a escalas 1:25.000 e 1:5.000.

Plano de situación sobre plano de clasificación do solo a escala 1:2.000, 1:1.000 ou 1:500, segundo a clase de solo, que permita identificar a parcela sobre a que se vai actuar, vías públicas de acceso, edificacións e características morfolóxicas do terreo e do medio circundante nun entorno con fronte mínimo de 50 metros a cada lado da parcela, sobre o que se sinale a distancia entre a parcela da actuación e o ámbito protexido.

3. Memoria descritiva da actuación, estado actual, sistemática do traballo, proposta de estado final previsto, materiais a utilizar e técnicas de execución. Especificación das características estéticas e construtivas das edificacións e construcións existentes no entorno da actuación proxectada, indicando os materiais a empregar, cores, texturas e a xustificación técnica da súa elección.

4. Orzamento detallado por partidas da actuación a executar (cando non se requira como documento do proxecto técnico).

5. Fotografías do elemento protexido, do elemento sobre o que se vai actuar e do contorno conxunto de ambos que deben incluír, como mínimo:

- Fotografías de situación do elemento, nas que se identifique a parcela dende a vía á que da fronte, dende o interior da parcela e dende o elemento protexido.

- Fotografías descritivas da edificación sobre a que se actúa (exteriores e interiores se é o caso) e das edificacións tradicionais existentes na zona.

6. Documentación técnica do anexo IV cando polo tipo de actuación se requira proxecto técnico.



Artigo 16. Emenda de solicitudes

Se a solicitude ou calquera outro trámite do procedemento non reúnen os requisitos ou non se acompañan da documentación anteriormente sinalada, o servizo de xestión cultural da xefatura territorial competente requirirán ao solicitante para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición ou decaído no seu dereito ao trámite correspondente, se for o caso, logo da correspondente resolución.

Artigo 17. Informe técnico

Admitida a trámite a solicitude, os servizos técnicos da xefatura territorial competente emitirán un informe técnico do proxecto obxecto da solicitude que se cingirá ao estudo, análise e conclusión acerca da compatibilidade do mesmo cos valores protexidos.

Artigo 18. Resolución

Unha vez emitido o informe técnico, a persoa titular da xefatura territorial competente en materia de patrimonio cultural resolverá sobre a compatibilidade da intervención cos valores culturais dos bens.

Nos supostos incluídos no artigo 3.a) do decreto 93/2017 do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos Consellos Territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, requirirase o pronunciamento previo do mesmo.

Se é o propio consello, o que entende que para un ditame definitivo é precisa completar a documentación presentada ou subsanar as deficiencias da solicitude, poderá realizar o correspondente requirimento o/a secretario/a do devandito órgano colexiado.

Artigo 19. Prazo para resolver

O prazo máximo para resolver o procedemento e notificar a resolución poderá suspenderse polo tempo que medie entre a petición e a recepción do ditame dos consellos

territoriais e por un prazo máximo de tres meses, nos termos establecidos no artigo 22.1, letra d), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Disposición adicional primeira. Datos de carácter persoal

En cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e dos contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, nos propios formularios anexos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Disposición adicional segunda. Modificación de formularios

Co obxectivo de manter adaptados á normativa vixente os formularios vinculados a normas reguladoras de procedementos administrativos de prazo aberto, estes poderán ser actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, sen necesidade de publicalos novamente no Diario Oficial de Galicia, sempre que a modificación ou actualización non supoña unha modificación substancial destes. Por conseguinte, para a presentación das solicitudes será necesario utilizar os formularios normalizados, dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente actualizados e accesibles para as persoas interesadas.

Disposición adicional terceira. Modelos normalizados

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten a disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada ou presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.